


Crisis. Qué vai pasar e qué se pode facer

Neste artigo trataremos de indagar a qué se enfrenta a economía española, e cáles son os cambios estruturais necesarios.

Vista a evolución da crise, na súa versión española, cabe preguntarnos: quen vai tirar da recuperación da economía española? As economías domésticas están endebedadas, cunha alta taxa de aforro para devolver o que pidiron prestado e con incertezas cara o futuro (vista a elevada taxa de desemprego). As empresas enfréntanse a grandes incertezas nos seus negocios, cun sector financeiro moi reacio a otorgar préstamos (cando non carente de fondos). Finalmente, o goberno ven de comprometerse a unha forte redución do gasto público e do investimento público. Analisemos estes elementos da demanda interna cunha ferramenta da teoría económica: o esquema estático Oferta Agregada-Demanda Agregada. Comparando por exemplo co 2007, observaremos unha contracción da oferta, visto o peche de empresas e os EREs realizados, e unha moi forte contracción da demanda agregada, polas malas expectativas futuras (consumidores e empresas) e polo recorte do gasto público. O resultado será un menor nivel de output e un menor nivel de prezos dos bens finais.

Daquela, o único axente que queda para tirar da economía española é o sector exterior. Problema: na actualidade os bens producidos na economía española son pouco competitivos. (Un pequeno exemplo: a respeito doutros países, España é un destino turístico caro.) Duas razóns. Primeira, é unha economía pouco productiva, lémbrese que a construción era intensiva en man de obra non cualificada; a segunda é que os custes dos inputs son elevados. En anteriores crises (1977-78, 83-85, ou 92-94) devaluábase a peseta para gañar competitividade exterior. Agora no euro non: só se pode ser máis competitivo quer aumentando a pro-



ductividade, quer reduciendo os custes. Aínda que aparecen novas xornalísticas referentes a que a produtividade da economía española mellorou, é un espellismo estatístico. Xa aconteceu na Gran Depresión: ao despediren aos traballadores menos productivos, só quedan traballando os máis eficientes. Porén, as melloras de produtividade dunha economía son un proceso lento, que precisan de: i) un sistema educativo axeitado e flexíbel; ii) unha administración pública e de xustiza eficaz que impulse e non obstaculice á iniciativa empresarial; iii) un sistema financeiro competitivo que financie proxectos innovadores partillando cos empresarios o risco e os lucros, e non “exprimíndolles”; e, iv) un mercado laboral que permita ás empresas contratar a traballadores para que adquiran experiencia sen asumir grandes custes no caso de proxectos fallidos. Neste sentido, vai a proposta de ter un único contrato laboral fixo para todos os traballadores (e eliminar os contratos temporais), aínda que permita un custe de despedimento menor. Daquela a grave irresponsabilidade dos nosos políticos e axentes sociais (sindicatos e patronal) nos últimos 20 anos en non impulsar a cor-

dos en materia de educación, administración máis áxil, regulación financeira e seguranza xurídica, e mercado laboral.

Esto nos leva a que para mellorar a competitividade exterior, o axuste en España non pode vir senon via prezos. A redución do salario nominal dos funcionarios nun 5% non é senon un primeiro sinal, e un adianto aos traballadores do sector privado. Obsérvese que esta medida, xunto coa conxelación das pensións, vai deprimir aínda máis o consumo privado, contraendo a demanda agregada, o que vai ocasionar unha diminución dos prezos dos bens finais. De feito, xa vimos observando que, a pesar da suba do petróleo, todas as demais compoñentes do IPC teñen caído.

Esta é a única opción? Non. A alternativa sería que os prezos subisen na zona euro máis que en España. Claro que isto destrozaría a reputación do Banco Central Europeo como garante do control da inflación, unha reputación dañada tras a súa adquisición de bonos públicos dalgúns países da eurozona.

Este cenario de menor consumo doméstico (privado e público), e bens finais máis baratos é problemático. En primeiro lugar, o perigo está

en que a caída de prezos se convirta en deflación: mala para as empresas que venden bens finais, porque as expectativas dos seus empresarios empeoran (compran bens caros e logo, ao caer os prezos, os venden baratos); malo, por tanto, para a creación de empresas e xeración de emprego neste sector de bens finais; malo para o consumo, logo que a expectativa de prezos futuros menores contrae o consumo. Romper estas expectativas e saír deste círculo vicioso pode ser difícil, como o prova o caso de Xapón. En segundo lugar, se o sector exterior é quen de tirar da economía española, aumentará o emprego se as empresas exportadoras melloran as súas expectativas e contan con financiamento para o seu crecemento procedente do sector financeiro, un sector financeiro con problemas difusos, debecendo captar fondos que non teñen e, no caso das Caixas, con políticos intentando á desesperada acaparar cotas de poder. En conclusión, a curto prazo seguramente observaremos caídas de prezos, e a recuperación dependerá exclusivamente do sector exterior. Mais só existirá unha recuperación axeitada se se poñen os alicerces no mercado financeiro, o mercado laboral, na racionalización da administración pública (este é o momento de aforrar, suprimindo as Diputacións e reduciendo o número de Concellos), nunha xustiza áxil e eficaz, e nun bo sistema educativo. Seguramente tamén se precisaría dunha reforma electoral, con listas semiabertas para recuperar a necesaria confianza na clase política. A cuestión é se os “nosos” políticos -en concreto tanto os do goberno como da oposición- e os “nosos” axentes sociais, van ser responsábeis, deixan dexogar co futuro de todos, e se poñen a traballar para mellorar as perspectivas de futuro dos cidadáns.

EDUARDO L. GIMÉNEZ FERNÁNDEZ

Depto. Fundamentos da Análise Económica, e Historia e Institucións Económicas, Universidade de Vigo, e GALIDEM